



**ACTA N.º 6/2012
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 31 DE MAIO DE 2012**

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTA ANTERIOR**
- I.2.- MODIFICACIÓN SINGULAR N.º 24 DAS NNSS DE PLANEAMENTO REFERIDA ÁS ORDENANZAS N.º 6 E 7: TRÁMITE DE APROBACIÓN INICIAL**
- I.3.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO**
- I.4.- MOCIÓN CONTRA A SUPRESIÓN DAS GARDAS DE FARMACIA**

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.ª M.ª José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
- D.ª Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data: Xoves, 31 de maio de 2012.*
- *Lugar de celebración: Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán*
- *Carácter da sesión: ordinaria.*
- *Convocatoria: primeira.*
- *Hora de comezo: 10:01*
- *Hora de remate: 12:25*
- *Número legal de membros da Corporación: 17*
- *Número de membros asistentes no momento da constitución: 17*
- *Membros non asistentes: Ningún*

Incidencias:

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- A Concelleira D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez auséntase durante o debate do punto I.2 da orde do día, relativo á Modificación das Normas Subsidiarias, e reincorpórase mentres se trataba o punto II.2 de Rogos e Preguntas.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- **PARTE RESOLUTIVA**

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 26 de abril de 2012

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 26 de abril de 2012 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- MODIFICACIÓN SINGULAR N.^º 24 DAS NNSS DE PLANEAMENTO REFERIDA ÁS ORDENANZAS N.^º 6 E 7: TRÁMITE DE APROBACIÓN INICIAL

Expte. n^º: 10/0871



A) *Ditame da Comisión Informativa.*

A Comisión Informativa de Urbanismo do 24.05.2012, formula ao Pleno a seguinte Proposta:

Vista a proposta de modificación singular nº 24 das Normas Subsidiarias de Planeamento do municipio de Nigrán referida ás ordenanzas números 6 e 7, con sinatura do Arquitecto Municipal de data 10 de xaneiro de 2012.

Vista a decisión do 28 de outubro de 2011 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras -CMATI-) publicada no DOG nº 227 do 28 de novembro de 2011, que resolve non someter a Modificación á avaliación ambiental estratéxica prevista dentro do procedemento integrado de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

Visto o informe favorable do ente autónomo Augas de Galicia do 10 de xaneiro de 2012.

Visto o informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitido en data 24 de febreiro de 2012.

Visto o informe favorable da Axencia Galega de Infraestruturas de 12 de marzo de 2012.

Vistos os informes da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de datas 27 de febreiro de 2012, sobre compatibilidade da modificación coa normativa de costas, e 23 de abril de 2012, previo á aprobación inicial da modificación.

Vistos asimesmo os informes do Arquitecto municipal, do 29 de novembro de 2011, e do Técnico de Administración Xeral, do 28 de novembro de 2011 e 14 de maio de 2012.

Tendo en conta o sinalado e os demais pormenores do expediente, de conformidade co previsto nos arts. 22.2.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, proponse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter inicial a proposta de modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán referida ás ordenanzas números 6 e 7

SEGUNDO.- Acordar a suspensión de licenzas de conformidade cos arts. 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 120 do Real Decreto 2159/1978, do 23 de xuño, do regulamento de planeamento urbanístico, naqueles ámbitos de xestión urbanística aos que resulten de aplicación as Ordenanzas números 6 e 7 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán nas que a nova ordenación supoña unha alteración do réxime vixente.

TERCEIRO.- Seguir a tramitación do procedemento, sometendo o expediente a información pública durante dous meses, e incorporando os informes preceptivos. Á vista do anterior o Pleno resolverá sobre a aprobación provisional.

CUARTO.- Facultar ó Alcalde para realizar as actuacións que requira a execución do acordado.

B) Petición do grupo Socialista, de que o asunto quede sobre a mesa.

Dado que o concello de Nigrán está en pleno proceso de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e pendente da súa aprobación inicial, o Grupo Municipal do PsdG-PSOE de Nigrán PROPÓN que dita Modificación puntual nº 24 das normas Subsidiarias referente as ordenanzas 6 e 7 inclúase, si o equipo redactor, os técnicos municipais e o goberno así o considera, dentro do PXOM e polo tanto que a proposta hoxe traída a Pleno de Modificación das NNSS quede sobre a mesa.

C) Petición alternativa do grupo Socialista, de que o asunto quede sobre a mesa.

Dado que o Concello de Nigrán ten en marcha varias modificacóns das normas subsidiarias, todas elas co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

Dado que áinda que o Concello de Nigrán está en pleno proceso de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e pendente da súa aprobación inicial de todos é sabido que trátase dunha aprobación a medio ou a longo prazo e que estas modificacóns en marcha facilitaría a vida dos cidadáns de Nigrán.

O Grupo Municipal do PsdG-PSOE PROPÓN:

1.- Continuar o expediente de Modificación singular nº 23 das NNSS de Planeamento no Solo Apto para Urbanizar de As Angustias, SAU 12 e así poder desenvolver solo de protección en Nigrán.

2.- Reiniciar o proceso de contratación para a Modificación Puntual das Normas para axustar á lexislación vixente os núcleos rurais de Chandebrito.

3.- Que quede sobre a mesa a Modificación singular nº 24 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal referido as Ordenanzas 6 e 7.

4.- Unha vez se dispóna de toda a documentación e todos os informes, tanto de técnicos municipais como de outras administracións competentes, se traian ao Pleno do Concello de Nigrán as tres modificacóns da normativa urbanística co fin de ser refrendadas polo Pleno e continúen o seu procedemento ata a aprobación definitiva das mesmas.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Empezouse o trámite en 2009 para dotar de seguridade xurídica determinadas actuacións referidas ás ordenanzas 6 e 7. Trátase basicamente de concretar os casos de exención de parcela mínima. En algunas unidades dáse unha incongruencia coas demais, que se trata de resolver. A proposta é de aprobación inicial.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: O PSOE ten advertida a falta de coherencia do goberno. Hai claros exemplos. Vial Balsa-Saians, auditorio, Rúa San Roque. O de hoxe é outro exemplo. A prensa recolle declaracóns do actual Alcalde en diversos medios. En 2010 falaba do SAU-12. Naquel momento criticaban que se aprobase dada a proximidade



da tramitación do PXOM. Falaba dun gravísimo e sospeitoso trato de favor e pedía incluír tales propostas no PXOM. Esta é a coherencia dos membros do actual goberno. ¿Será que xa non apostan polo PXOM? No 24-10-2010 o Pleno aproba o axuste da situación de Chandebrito á legalidade mediante unha modificación das NNSS. Despois das eleccións deixaron sen efecto aquel expediente porque dicían que non era oportuno dado que xa era inminente a aprobación do Plan Xeral. A proposta de hoxe non é coherente, tendo en conta as que se aparcaron nos últimos tempos. Non entenden por que esta vez non se paraliza. O partido socialista vai ser coherente. E fai dúas propostas (dálles lectura). Se queren presentalas nun Pleno extraordinario o PSOE non cobrará, se non o fan así, non votarán a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Quérese suprimir a parcela mínima en ámbitos de execución integral. Pode ser razonable para evitar agravios comparativos e garantir a viabilidade das propias actuacións. O que discute é o procedemento, que parece destinado a solucionar un problema particular. A redacción do PXOM está avanzada, e vai tratar de dar unha solución a esta cuestión. Non se explica moi ben a urxencia desta iniciativa. Isto é o que motiva a súa discrepancia. Son razóns de interese público as que deben primar, e nunca para legalizar edificacións existentes, como fin principal. Por isto non a vai apoiar.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: As normas vixentes xeran problemas complexos. O goberno, no Pleno de 25-9-1998 vende parcelas con edificabilidades na UA-14, entre outras. Concorren persoas de boa fe, e adxudícase á oferta máis vantaxosa. En 2002 o alcalde socialista concede a licenza, e agora as persoas de boa fe resultan defraudadas polo Concello. A situación grave é para o Concello, non para os adquirentes, que poderían esixirlle responsabilidades. Non se pode criminalizar a quen non ten a culpa. A modificación chega tarde. O seu grupo insistiu en que se promovese. Tecnicamente non hai nada que obxectar e así o referenda o propio informe da Xunta. A administración é a primeira interesada en resolver este conflito. Non ten nada que ver co SAU-12 e Chandebrito. O SAU-12 está en trámite e debe seguir.

Sr. Alcalde-Presidente: A incoherencia non é do Alcalde, senón do PSOE, que non falou do asunto concreto. Non se pretende ningún maior aproveitamento. Non se trata de paralizar ningunha das actuacións en trámite. A de Chandebrito non chegou a iniciarse. Non se trata de legalizar nada, senón de resolver problemas de seguridade xurídica. O SAU-12 foi paralizado pola Xunta pola tramitación do POL. Pode seguir agora o trámite, e de feito estase impulsando. Non se poden traer todas as modificacións ao mesmo tempo. A alternativa é aprobar o Plan Xeral, e o PSOE non asiste ás reunións. Ademais foi o goberno do PSOE quen sancionou a aqueles veciños. Pídelle ao grupo socialista que volva ás reunións do PXOM e que sexa coherente.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: O PSOE tamén está para resolver problemas do Concello. O de Chandebrito tamén é un problema para o Concello, e o Alcalde deixou sen efecto o contrato do equipo que ia redactar a modificación. O PP e o PSOE acordaran sacar do debate político o PXOM. O Alcalde actual acusounos de ter oculto un documento do Plan. Piden que siga o procedemento das tres modificacións. Entón apoiarano.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Cando falou de solucionar un problema particular, quixo dicir concreto. Non se refería a algo de interese persoal. O interese do

Concello debe ser a defensa do público. As neglixencias non poden saír gratis. As dúas cousas son compatibles. Os tribunais teñen claro que aquí non había confusión na redacción.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Non se trata de resolver problemas particulares. Hai unha eiva das normas e unha licencia concedida. A norma ven a resolver un problema xeral. Non se pode misturar co problema de Chandebrito. Se aquela iniciativa era a panacea o PSOE pudo aprobal-a. Nin o PXOM poderá resolver todos esos problemas.

Sr. Alcalde-Presidente: O expediente está plenamente xustificado. O fin é arranxar un problema creado polas normas, que orixina unha discriminación inxusta entre unidades de actuación. A cuestión de Chandebrito non se podía resolver á marxe do Plan.

Votación e acordo sobre a petición do grupo Socialista, de que o asunto quede sobre a mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; de Concelleiros do PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez (PP), por estar ausente no momento da votación -art. 100.1 do ROF-.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a petición do grupo Socialista.

Votación e acuerdo sobre a petición alternativa do grupo Socialista, de que o asunto quede sobre a mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PSOE.
- Votos en contra: 10; de Concelleiros do PP o os dous do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez (PP), por estar ausente no momento da votación -art. 100.1 do ROF-.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a petición alternativa do grupo Socialista.

Votación e acuerdo sobre a proposta da Comisión Informativa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; de Concelleiros do PP e do Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez (PP), por estar ausente no momento

da votación -art. 100.1 do ROF-.

Coa maioría sinalada, que representa a mayoría absoluta legal, o Pleno do Concello acorda aprobar con carácter inicial a proposta de modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento referida ás ordenanzas números 6 e 7, nos termos que constan na proposta da Comisión Informativa.

I.3.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Expte: 2012/019S

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 24 de maio de 2012, formula ao Pleno a seguinte proposta:

A Lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo inclúe no seu ámbito territorial ao termo municipal de Nigrán (art. 2) e asigna tres representantes na asemblea metropolitana aos concellos que, coma o de Nigrán, contan cunha poboación entre 15.001 e 20.000 habitantes (art. 5). As persoas titulares das alcaldías serán membros natos da asemblea metropolitana e os demais representantes son designados polo pleno do concello de entre os seus integrantes, tomando coñecemento das designacións feitas polos grupos políticos (art. 6) aos que corresponda representación segundo o previsto na Disposición transitoria segunda da propia Lei

En consecuencia, propone ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Designar como representantes do Concello de Nigrán na asemblea da Área Metropolitana de Vigo ao Sr. Alcalde e a dous concelleiros ou concelleiras, un deles nomeado polo grupo Popular e o outro polo grupo Socialista.

- O Grupo Popular propón ó concelleiro D. Alberto García Pazos.
- O Grupo Socialista anuncia que presentará a súa proposta na sesión plenaria.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Le a proposta.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: O grupo mixto queda relegado. Noutras ocasións entendeuse que o Alcalde xa representaba ao seu grupo.

Sr. Alcalde-Presidente: Estanse seguindo as normas sobre a representación segundo a lei de D'Hont.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor e grupos que os emiten: 8; PP.
- Votos en contra: 1; Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto
- Abstencións: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno acorda designar como representantes do Concello de Nigrán na asemblea da Área Metropolitana de Vigo ao Sr. Alcalde e ao Concelleiro do grupo Popular D. Alberto García Pazos, quedando pendente a designación do representante que corresponde ao grupo Socialista, á espera da súa proposta.

I.4.- MOCIÓN CONTRA A SUPRESIÓN DAS GARDAS DE FARMACIA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 24 de maio de 2012 acordou dictaminar desfavorablemente a seguinte moción do concelleiro do grupo mixto Xavier Rodríguez Fernández:

"Cos únicos votos do Partido Popular, o Parlamento galego aprobou a Lei de Acompañamiento dos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2012 cunha modificación da Lei de Ordenación Farmacéutica que permite eliminar as gardas nocturnas das oficinas de farmacia en determinadas circunstancias. O BNG votou en contra desta medida de recorte sanitario ao considerar que as Farmacias dan un servizo complementario das prestacións dos centros sanitarios. Non se limitan a dispensar unha prescripción médica porque ademais informan e aconsellan á persoa que adquire a medicación.

Os únicos argumentos do Goberno galego para este recorte sanitario son económicos e teñen que ver con garantir un nivel de beneficios que baixou coa posta en marcha de medidas de redución do gasto farmacéutico. De xeito que, con este medida para paliar o recorte do gasto farmacéutico no que atinxe ás farmacias, aféctase ao servizo que se lle presta á poboación.

Esta medida supón un paso máis na brutal escalada de recortes de dereitos sanitarios dos cidadáns galegos, neste caso no direito á dispensación de medicamentos no horario de urxencias. Por esta causa moitas persoas vense obrigadas a desprazarse moitos quilómetros para poder acceder aos medicamentos que necesitan. A realidade da posta en marcha desta medida constata que unha vez máis o Gobemo galego do PP non asume a obriga de garantir á poboación galega uns dereitos, neste caso sanitarios, iguais e independentemente do lugar de residencia.

As farmacias son un servizo sanitario público que ten concedida a dispensación de medicamentos con carácter monopolístico, así como a capacidade de regular a competencia decidindo onde se sitúan novas farmacias para evitar a competencia. Hai moitos farmacéuticos en paro que estarían encantados de cubrir as gardas farmacéuticas. Parece razoable que estes privilexios leven aparellado a obriga da prestación dun servizo axeitado.

Así prodúxose a eliminación das gardas nocturnas de farmacia no Concello de Nigrán, pasando a ter unha soa farmacia de garda para todo o Val Miñor. Non nos parece aceptable



esta supresión, máxime tendo en conta que no noso Concello supuña apenas unha garda á semán para cada un dos establecementos farmacéuticos. Non parece demasiado sacrificio a cambio da concesión quasi monopolística da súa actividade.

Este peche, alén de supoñer un trato inxusto e desigual para as persoas que residen nos concellos afectados, provoca un maior acceso a servizos de urxencias para atender problemas que se resolvían nas farmacias que agora pechan. Non supón por tanto nin mellor atención ás persoas afectadas nin tampouco un aforro para as arcas públicas, só unha cesión aos empresarios das oficinas de farmacia a cambio de nada.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a que utilice as súas competencias para que na reorganización das gardas nocturnas das Oficinas de Farmacia se garanta o servizo en todos os concellos galegos.
2. Comunicar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ás portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Explica a proposta, que se formula a causa da supresión das gardas nocturnas nas farmacias. En Nigrán hai un PAC e a pesar diso non temos garantida a asistencia farmacéutica propia. Non é unha situación axeitada, tendo en conta o réxime legal aplicable ás farmacias, que supón unha regulación privilexiada. En Nigrán hai 7 farmacias e as quendas de garda parecen factibles sen graves problemas.

Dª. María del Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada: A cuestión aféctalle como titular de farmacia. O PAC é de todo o Val Miñor. Hai exencións para as farmacias do Val Miñor: as de máis lonxe non están nas gardas. As farmacias de garda só están para as urxencias. É a Xunta a que determina os lugares onde hai que abrir. Non hai monopolio. En Vigo só hai dúas farmacias de garda e no Val Miñor unha, a pesar da diferenza de poboación.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: A favor da moción do BNG. Acudir á farmacia é unha necesidade.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: A cuestión do problema de Nigrán non se concreta na moción. Absterase.

Sr. Rodríguez Fernández: A regulación das farmacias non é obxecto de debate, pero se se lle outorga case un monopolio debe levar consigo certas obrigas. Aquí habendo sete, unha delas debería estar sempre de garda.

Sra. Macías Alonso Jorreto: Ata as 10 da noite Nigrán ten a súa de garda. E no verán refórzase o servizo, con gardas de noite en cada Concello.

Sr. Alcalde-Presidente: A cuestión é un PAC único para o Miñor. As distancias ás farmacias son asumibles.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 1; Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO ESPECIAL REFERENCIA Á:

II.1.- RESOLUCIÓNNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 2 de abril de 2012 e o 30 de abril de 2012, ambos incluídos.

En especial o pleno toma razón do seguinte Decreto do 28 de maio de 2012, que se transcribe:

SUBVENCIÓNNS PARA SERVIZOS SOCIAIS

SUBVENCIÓNNS PARA SERVIZOS SOCIAIS

Vista o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012 de 16 marzo , dunha subvención de 180.111,08 €, co seguinte detalle:

| | |
|--|------------------|
| - Persoal | 57.068,00 euros |
| - Mantemento: | 600,00 euros |
| - Axuda no Fogar: | |
| . Modalidade de prestación básica do Plan Concertado | 18.600,00 euros. |
| . Modalidade para persoas valoradas como dependentes | 99.871,20 euros |



| | |
|------------------------|----------------|
| - Xestión de programas | 3.971,88 euros |
|------------------------|----------------|

Os programas de Axuda a Domicilio e gastos de persoal (dous traballadoras sociais, unha educadora familiar e unha auxiliar administrativa) son prórroga, e a prestación de servizos continua desenvolvéndose nas mesmas condicións do ano anterior.

SEGUNDO.- Compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluidos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2012 na contía de 168.312,94 €, que supón unha porcentaxe do 48% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

TERCEIRO: Dar conta ao Pleno.

II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:

1.1. Fai case un ano que lle solicitamos copia da entrada do Rexistro municipal. Nos dixo en moitos plenos que estabamos a punto. Sabemos que xa houbo unha proba para ver se se podía solventar a protección de datos, parece que saiu ben, polo tanto é para saber se teñen pensado facelo ou se nos din que non.

Sr. Alcalde-Presidente: Lle contestaremos.

1.2. Anunciaron que ían colgar o Plan Xeral na web do Concello e non o atopei, ¿está colgado ou existen dificultades técnicas?.

Sr. Alcalde-Presidente: Creo que sí, as ordes déronse. Temos graves problemas coa páxina web.

1.3. Temos constancia de que tiveron problemas na nave esa marabillosa que alugaron por 3.000 euros ao mes, pola conexión ilegal que había a FENOSA, que parece que o Concello estaba conectado ilegalmente. Preguntamos se isto é certo.

Sr. Alcalde-Presidente: A nave non é nosa. Outra cousa é que durante o seu mandato vostede permitira que houbese unha nave conectada legalmente ou ilegalmente. O que tivemos que fazer cando nos entramos foi resolver esa cuestión. Non se preocupe que está resolto.

1.4. ¿As obras que se fixeron nunha parcela privada en Praia América por parte dos funcionarios municipais e con material, imaxino pagado polo Concello, que motivo tiveron?

Sr. Alcalde-Presidente: Imaxina mal. Os postes da finca de Praia América, que se utiliza habitualmente como aparcamiento, tiña unhas condicións, e tanto os propietarios como a empresa que está facendo agora unha actividade chegaron a un acordo, e nos pediron colaboración como disfrutantes do uso desa parcela como aparcamento. Adecentamos o firme e puxemos os postes, que non pagamos nós, paga a empresa

que neste momento ten unha instalación de dinosauros.

Sr. González Pérez: Perfecto, o soldo dos funcionarios tamén o pagou a empresa.

Sr. Alcalde-Presidente: É certo, pero dalgunha maneira o Concello ten que ser proactivo e xerar posibilidades de que se fagan cousas en Nigrán. Se eu poño ái sentados aos funcionarios municipais se poden facer máis ou menos cousas.

1.5. Vostedes anunciaron no mes de decembro ou así, que a partida que había para o pincho de Nadal se cedía para Servizos Sociais para atender necesidades básicas. Quería saber se xa está transmitido a ese departamento.

Sr. Alcalde-Presidente: Iso xa se falou cos representantes sindicais. Como o orzamento do ano pasado venceu chegado o 31 de decembro, se chegou ao acordo de que era un tema administrativo e que se ia gastar esa cantidade en algo concreto, e o que estamos pensando é destinalo a compra de alimentos.

2.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:

2.1. Vostedes anunciaron na prensa un acordo cos mariñeiros de Panxón para a retirada de dúas embarcacións. Na prensa apareceu un acordo para a colocación dun pantalán. Este suposto acordo foi desmentido despois polos propios mariñeiros, que ante as informacíons de que ían vir a retirar esas embarcacións, concentráronse para que isto non pasase. Eu quero preguntarlle cales son esos supostos acordos que acadaron cos mariñeiro de Panxón.

Sr. Alcalde-Presidente: Primeiro quero aclarar que non é correcto o termo retirar. O acordo era sinxelo, cando se plantexou a posibilidade de establecer unha liña marítima a Baiona e ás Illas Cies había unha cuestión técnica que era a instalación dun pantalán para ese barco na punta do muelle. Os mariñeiros nos esixían dalgunha maneira e nós aceptamos porque o viamos normal: unha, que non utilizáramos a escala que hai no muelle, e a outra que non se estorbara os posibles traballos que se efectuaran na grúa que está no muelle. As dúas cuestións se solventaron asegurando que o pantalán non estorbaría. A cuestión que había era que por cuestións de seguridade, había que mover dous fondeos, un, uns 5 metros, e outro, uns 6 metros. Reunión co Patrón Maior e co Vicepatrón e ao mesmo tempo representante dos mariñeiros, reunión cun enxeñeiro de Portos de Galicia, reunión na que estaba eu, e reunión cun vixilante de Portos, e un dos mariñeiros supostamente afectado porque tiña que mover o seu fondeo. Nesa reunión o mariñeiro que tiña que mover o fondeo nos di que el xa movera o fondeo. Había outro que mover, persoa que non estaba na reunión. Chamámola nese momento e lle preguntamos se había a posibilidade de mover o fondeo, nos contesta que si, que se falaría para ver como se pode mover. Nesa reunión co Patrón Maior e co representante dos mariñeiros e cos que ali estábamos, nun principio non había problema, que o que se ía facer era simplemente desprazar dous fondeos, un que xa o mariñeiro movera e outro que había que mover, que chamamos nese momento. Así foi como se quedou. Chegado ao entendemento, un representante dunha Cofradía, un representante dos mariñeiros, un representante do Concello, e un representante de



Portos de Galicia, entendo que a palabra vai a misa. Resulta que unha semana máis tarde a primeira noticia é que o Patrón Maior está en contra do plantexamento de por o barco de Cíes. Uns días máis tarde aparece esa manifestación. Eu non entendo nada. Unha cuestión que se acordou, que non prexudica a ningúen, porque esa foi a miña garantía desde o primeiro momento, que acordamos mover un fondeo, porque o outro xa estaba movido, que á semana seguinte onde dixen unha cousa agora a contraria. Esa é unha iniciativa municipal, quen ten que por os medios é Portos de Galicia, e Portos de Galicia está nunha actitude de que se en Nigrán non queren nada, nada lle dou. Saquemos a política do medio, porque se queremos facer cousas, ou axudamos todos ou estamos fastidiados. Nos comprometemos en que si acordábamos establecer a liña fariamos unhas melloras na praza de abastos, eu non sei se agora están tamén en contra disto. O día seguinte nós, en cumprimento dese compromiso, fomos á praza de abastos, que nos pediron que lle pintáramos, que lle arrancáramos o chan, e non sei se agora esa palabra hai que cumplirla, o que está claro é que outros non a cumpren.

2.2. Quería preguntarle quen foi o responsable da organización dos premios Nigrán, e con que criterios se colocou á xente.

Sr. Alcalde-Presidente: A organización foi o Concello. Os criterios os que marca o protocolo. Non sei que parte do acto foi a que non lle gustou.

Sr. Rodríguez Fernández: Estou en contra de moitas partes do acto, empezando porque é un acto de inauguración de algo que non se quería inaugurar, que foi un acto político, que debería ser institucional, pero vou a concretar: Eu non teño ningún interese persoal en figurar en ningún sitio, pero me pareceu que houbo un desprezo á Corporación de Nigrán, nomeadamente á parte da oposición, que era ao fin e ao cabo a que estaba na súa casa, colocándoa nunha terceira fila, detrás de concelleiros de concellos vecíños de Baiona e Gondomar. Por iso pregunto quen é o responsable da organización, con que criterios decidiu. Non é un tema persoal, que quen me coñece sabe que iso me da igual, o que non me da igual é que se desprece aos corporativos dessa forma, ata o punto de que eu non vou a pasar por aí, a próxima vez collo a silla e me vou para diante, para onde crea que debo estar situado. Isto é un rogo.

Sr. Alcalde-Presidente: Se trata de fazer o máis neutro e o mellor posible con algún criterio. Houbo unha funcionaria encargada de protocolo para que non pasara iso. Se te sentiches desprazado o sinto. Creo recordar que na miña intervención, cando había que nomear á Corporación se agradeceu á Corporación o apoio aos premios e demás. O que si noto é un certo resentimento por usar un edificio. Eu non vin cortar ningunha cinta. Eu estou en contra dese edificio e o sigo mantendo, ¿pero que fago, o pecho?. Era un acto que para ser o primeiro se quitou unha problemática, e a miña intención era fazer o primeiro acto coa actuación do Juan María e os alumnos do Provalle. Ao final xurdiu isto. Teño que utilizarlo. Se fosse un auditorio de verdade igual podíamos entrar máis. Falando de respecto, a min non me importa, porque cada un é libre de facelo, pero vostede como membro da Corporación de Nigrán se levantou un momento en que se facía unha homenaxe a quenes foron membros desta Corporación noutro día, e non pasa nada. Ten que entender a miña desculpa.

2.3. Fallo de memoria, por iso igual cometí algún erro. Nos orzamentos aprobados este ano creo recordar que había unha partida para a celebración das Letras Galegas, que creo que era sobre 1.200 euros, en calquera caso era unha diminución sobre o ano anterior. O que quero saber é se se executou a partida que había para as Letras Galegas, todo, en parte e en que, xa que non houbo publicitado ningún tipo de acto no día das Letras Galegas. Se non se executou me gustaría saber en que se gastou ese diñeiro, toda vez que xa pasou a data na que tiña por obxecto esa partida, ou se non se gastou, en que ten previsto gastalo o goberno.

Sr. Alcalde-Presidente: Veremos a partida e lle contestaremos por escrito ás preguntas.

2.4. Nalgúnsas zonas do Concello a recollida de lixo faise dúas veces por semana, por exemplo na zona da Rotea, en Camos. Quería preguntar tamén se no verán se vai manter a mesma frecuencia, dado de que no verán é un problema dos cheiros.

Sr. Alcalde-Presidente: O que se vai a cubrir é o servizo que está estipulado na concesión.

3.- Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:

3.1. Rogaría se revisara o horario de acendido das luces no SAU-7, que observei que acenden ás 9 da noite, cando aínda está alumbeando o sol.

3.2. Rogaría que se proceda ao pintado con liña amarilla en fronte á biblioteca, que ademais coincide en curva perigosa, porque aparcan coches alí que están invadindo a calzada, e os coches que acceden a esa rúa sentido ascendente teñen que invadir o carril esquerdo e ás veces ten habido conatos de accidente.

3.3. Rogaría que as farolas fernandinas de Praia América, que están en estado de oxidación avanzado, que se proceda ao seu pintado.

Sr. Alcalde-Presidente: Empezamos nós a facer unha proba de pintado pero son as fernandinas, que non é fácil no estado en que están repoñelas, pero estamos en xestións coa Dirección Xeral de Industria para asinar un convenio para cambiar todas as fernandinas que hai no litoral.

3.4. En relación ao que teñen anunciado en Porto do Molle, Portamérica, concertos musicais e incluso se fala de acampadas no entorno. Me gustaría saber que presupuesto hai e canto vai a custar ao Concello.

Sr. Alcalde-Presidente: As noticias que están saíndo son da empresa que está iniciando ese proceso, porque en breve tempo a idea é realizar ese festival. Nós recibimos unha proposta por parte dunha empresa organizadora deste festival. En principio a vemos ben, por iso presentaron esa memoria, estamos cos trámites para darlle licencia ou non para o que se pretende facer, e en principio, o orzamento do Concello é cero. Haberá que preparar a finca onde se vai facer, pero dedicaremos os menos recursos posibles. A empresa se encarga de todo a través de patrocinios con empresas privadas. Nós o que temos é que coordinar o resto do evento.



Sr. Fernández Comesaña: Tamén se cita que pode haber zonas de acampada.

Sr. Alcalde-Presidente: O estamos estudiando, se é posible se permitirá e se non é posible non se permitirá. Hai que garantir seguridade, salubridade, e moitas outras cousas que senón están garantizadas cunha póliza de seguro non se autorizará.

3.5. Existen diversas vivendas na urbanización da Romana que cando se lle concedeu licencia se lle impuxera avais para responder das obras de urbanización. Como esas obras foron xa executadas polo Concello no seu día, me gustaría saber se o Concello iniciou os trámites para rescatar os avais que se depositaran.

Sr. Alcalde-Presidente: Este é un tema moi antigo que tratamos de resolver. Hai uns meses se iniciou un proceso de incautación de avais, que dalgunha maneira caducou, se pechou o expediente, para intentar, porque había certas dúbidas dos xurídicos do Concello de Intervención e Tesourería, de cal era a solución, porque os propietarios desas parcelas fan traendo documentación a posteriori que querían xustificar. Abrimos outra vez ese proceso de reflexión para ver que solución se lle pode dar e se hai as probas e xuridicamente se pode pechar este tema coa incautación ou coa devolución do aval, estamos nese momento. En breve pecharemos a cuestión.

Sr. Fernández Comesaña: O tema é delicado, porque aquelas licencias foran concedidas en base a unhas obrigas, e unha delas era executar a urbanización con respecto á súa parcela, e como compromiso depositaron o aval. Como as obras non se executaron por parte dos interesados e as executa a administración, parece razonable que sexa a administración quen recupere o importe, xa que eles non fixeron ningún tipo de depósito. Estamos falando de avais de fai vinte anos, que ao mellor habería que actualizar o seu valor.

3.6. ¿Como se atopa o proceso de concurso das instalacións da cafetería das instalacións deportivas de Gaifar?

Sr. Alcalde-Presidente: Nos próximos días se adxudicará a unha empresa que ofertou, dentro das cinco que se presentaron. Finalmente gañou unha, e neste momento estamos na valoración das melloras que plantexan. Esta semana ou a que ven quizais podamos asinar o decreto de adxudicación. A súa intención é abrir a primeiros de xullo.

Sr. Fernández Comesaña: ¿Podemos saber o prezo de adxudicación?.

Sr. Alcalde-Presidente: Son 7.000 euros anuais de canon máis a realización da obra, que estaba valorada no proxecto en 60.000 euros aproximadamente, máis as melloras que están plantexando, que estamos falando de cento e pico mil euros en total. Tres anos con posibilidade de un máis.

Sr. Fernández Comesaña: Ese é o perigo, porque ao mellor podemos estar derivando a unha actividade distinta da que se está adxudicando.

Sr. Alcalde-Presidente: Hai garantías, o prego é bastante estrito e a oferta que presentou esta empresa é perfecta.

3.7. ¿Como se atopan as reclamacións de taxas de basuras que estaban pendentes de resolver, para a que se contratou unha empresa?

Sr. Alcalde-Presidente: Están en trámites de resolverse. Me había comprometido con vostede en pasarle información, trataremos de preparala, pero hai bastantes e están en trámite de informes para resolver.

Sr. Fernández Comesaña: Miro que a esta empresa á que lle adxudicaron lle volven a adxudicar máis traballo e non sei se darán resposta rápida á necesidade. Miro que lle encargaron o rueiro e a actualización do padrón de taxas de basura.

Sr. Alcalde-Presidente: Temos moitas expectativas de que ese traballo xenere recursos para este Concello.

3.8. O Consello de Contas está investigando obras do Plan E en diversos Concellos de Galicia, ¿ten coñecemento de que Nigrán poida estar incluido no citado plan de inspección? ¿En caso de ser afirmativo, pode dicirme a que obras vai dirixida a investigación?

Sr. Alcalde-Presidente: É a primeira noticia que teño.

Sr. Fernández Comesaña: Podía facilitar as cousas que dúas obras que son moi claras e facilmente investigadas, a instalación de cámaras de gravación na vía pública e a urbanización e humanización da Romana, que están todas as losetas levantadas e rotas.

Sr. Alcalde-Presidente: Peor que a investigación, é o día a día desa urbanización, de feito, estamos facendo un plantexamento a ver se é posible, este ano ao mellor non, por cuestións presupuestarias, pero facer unha actuación non esaxeradamente cara, pero resolver o problema que temos en Ramallosa dunha vez. O que non pode ser é que cambiemos todas as semanas losetas que están rotas ou movidas.

Sr. Fernández Comesaña: Habería que ver que responsabilidades pode haber, tanto da empresas construtoras como dos técnicos que levaron as obras. Pode ser un fallo de ejecución da obra.

Sr. Alcalde-Presidente: A obra se fixo para unhas condicións e esas condicións non se cumplen, porque por exemplo, pasan camións de alta tonelaxe.

3.9. ¿En que situación se atopan as obras de traslado do transformador situado no acceso ao colelio de Vilameán, que me da a sensación que superaron con creces os prazos de ejecución, que dificultades existen para a ejecución das obras?

Sr. Alcalde-Presidente: Hai uns problemas con Industria e Deputación que trataremos que se resolvran. Lle contestarei por escrito.

Sr. Fernández Comesaña: Non sei se xa están colocados os equipos soterrados.

Sr. Alcalde-Presidente: A obra xa está finalizada pero hai problemas de conexión.



3.10. Parece que recentemente tiveron unha reunión da Xunta Local de Seguridade, me gustaría saber se abordou co Subdelegado do Goberno o tema da expedición do DNI electrónico en Nigrán.

Sr. Alcalde-Presidente: Na miña visita ao Subdelegado en Pontevedra foi un dos temas que lle comentei, xunto co tema de Ramallosa e demais. O outro día tamén se plantexou aquí, pero é unha cuestión que por temas de deficiencias de plantilla a Subdelegación e o equipo que ten que por en marcha este tipo de tramitación non é fácil que veña para Nigrán. Cando existía e se deixou marchar foi unha oportunidade perdida. De todas maneiras, o Subdelegado comprometeuse que cando houbera unha posibilidade de traer o DNI para Nigrán tratarían de facelo.

3.11. A Deputación puxera en marcha un plan para que os Concellos da Provincia se adheriran para contratar o consumo enerxético para tratar de optimizar a facturación coas compañías subministradoras. Me gustaría saber se Nigrán se acolleu a ese plan e en que situación está.

Sr. Alcalde-Presidente: Está facendo o estudio. Nós nun principio propuxéramos edificios coma o pavillón, coma os colexios, pero por cuestiósns de facturacións nos dixerón que non entraban dentro da liña. O que propuxemos posteriormente foi un estudio sobre o consumo eléctrico deste edificio. Están facendo a auditoria e estamos no proceso.

Sr. Fernández Comesaña: Tiña entendido que abarcaba a máis instalacións.

Sr. Alcalde-Presidente: Nos dixerón que tiña que ser un lugar concreto, fundamentalmente un edificio público.

Sr. Fernández Comesaña: Probablemente sexa outra actuación. Eu tiña entendido que a actuación ía dirixida a empresas subministradoras, en xeral, tanto a alumeados públicos coma a edificios, para buscar unha única empresa que oferte mellores condicións económicas de facturación.

Sr. Alcalde-Presidente: De todas maneiras, nós entramos en negociacións coa empresa e as condicións que temos contratadas son boas.

3.12. O tema dos muros pola estrada pola Vía xa lle plantexei nunha ocasión e a cousa segue parecido. Non sei se tomou algúna decisión con respecto a cousas tan evidentes como se están mirando. Pero quería preguntar en concreto con respecto á actuación no edificio de Arealoura. Como vostede sabe, este entorno está bordeado por rúa. Me gustaría saber se ten previsto, con motivo das obras de reposición de muros, de aperturar estas rúas para comunicar a PO-325 coa Avenida de Praia América, que era un dos temos que quedaron pendentes dese proxecto de urbanización no seu día. É a oportunidade de darlle comunicación á estrada pola Vía coa praia.

Sr. Alcalde-Presidente: Esa é a idea, de feito, entramos en conversacións co presidente da comunidade do edificio, se lle fixo ese plantexamento, nun principio creo que entrou ben, pero a realidade é outra. Xa está o departamento de inspección e a intención nosa

é que se abran esas vías.

Sr. Fernández Comesaña: Lle rogo que poña especial interese, porque unha vez que se faga xa queda, agora é a oportunidade para abrir esos viais que levan anos cortados. E indudablemente, debe preocuparse tamén de que se mira que están facendo más afora os muros, a parte das licencias que non se están concedendo para a construcción.

Sr. Alcalde-Presidente: O problema é que os muros se están facendo nunha liña que posiblemente non sexa a que marque o Concello. Estamos en comunicación coa Xunta.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.